

Programación didáctica

Departamento de Matemáticas

Materias do departamento e cursos

MATERIA	ESO	
	Curso	Grupo
Matemáticas	1º	A
Matemáticas	2º	A
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas	3º	A
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	3º	A
Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas	4º	A
Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas	4º	A

ÍNDICE

1. <u>Introdución e xustificación.....</u>	3
2. <u>Contextualización.....</u>	4
3. <u>Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....</u>	6
4. <u>Obxectivos.....</u>	8
5. <u>Contidos. Secuenciación e temporalización dos contidos.....</u>	20
6. <u>Relación Contidos, Criterios de avaliación, competencias clave e estándares. Concreción dos estándares por cursos. (temporalización, grao mínimo, procedementos e instrumentos).....</u>	41
6.1. <u>Matemáticas 1º ESO.....</u>	41
6.2. <u>Matemáticas 2º ESO.....</u>	56
6.3. <u>Matemáticas 3º ESO – 4ºESO Académicas.....</u>	71
6.4. <u>Matemáticas 3º ESO – 4ºESO Aplicadas.....</u>	97
7. <u>Concrecións metodolóxicas.....</u>	121
8. <u>Materiais e recursos didácticos.....</u>	125
9. <u>Concreción dos elementos transversais por curso.....</u>	126
10. <u>Avaliación.....</u>	129
10.1. <u>Avaliación do alumnado.....</u>	129
10.1.1 <u>Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe</u>	
10.1.2 <u>Avaliación inicial</u>	
10.1.3 <u>Criterios de cualificación e promoción do alumnado</u>	
10.1.4 <u>Avaliación final e extraordinaria. Recuperación</u>	
10.1.5 <u>Avaliación do alumnado coa materia pendente</u>	
10.2. <u>Avaliación do ensino e da práctica docente.....</u>	131
10.3. <u>Avaliación da programación didáctica.....</u>	132
11. <u>Atención á diversidade.....</u>	134
12. <u>Concrecións no caso de ensino semipresencial e/ou non presencial.....</u>	136
13. <u>Contribución ao plan lector.....</u>	139
14. <u>Contribución ao Plan Tic.....</u>	141
15. <u>Actividades complementarias e extraescolares.....</u>	143
16. <u>Datos do departamento.....</u>	144

1. Introducción e xustificación

Galileo afirmaba que as matemáticas constitúen a linguaxe do Universo. A historia da humanidade e en particular o desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía non fan máis que subliñar a súa versión.

As matemáticas facilítannos interpretar o mundo que nos rodea, reflicten a capacidade creativa, expresan con precisión conceptos e argumentos, favorecen a competencia para aprender a aprender e conteñen elementos de gran beleza, sen esquecer ademais o carácter instrumental que as matemáticas teñen como base fundamental para a adquisición de novos coñecementos noutras disciplinas, nomeadamente no proceso científico e tecnolóxico, e como forza condutora no desenvolvemento da cultura e das civilizacións.

Tendo en conta as consideracións anteriores elabórase a seguinte programación co fin de optimizar os resultados da aprendizaxe do noso alumnado. Para o seu desenrolo tívose en conta basicamente o DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, pero sen esquecerse tamén:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- Orden ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

2. Contextualización

Características do centro.

O CPI de Xanceda é un centro rural situado no Concello de Mesía, cun total de 175 alumnos matriculados no curso 2020/2021. Impártense os ensinos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. O horario lectivo é de 9:30 a 15:00. O centro conta con servizo de comedor polo que os alumnos que fan uso del permanecen no centro ata as 16:00, tendo nesta hora o tempo da comida e un pequeno recreo.

Ao CPI de Xanceda atópanse adscritas dúas Escolas Unitarias, Olas e Visantóna, das que o alumnado se incorpora ao centro en 3º de Primaria.

Debido ao baixo número de alumnado, hai un grupo de cada curso.

Estamos falando dun centro pequeno, dotado de poucos medios pero que conta cun ordenador e proxector por aula. Os alumnos encóntranse sempre na mesma clase para tódalas materias excepto para Música, Tecnoloxía, Educación física e Educación Plástica Visual e Audiovisual que teñen unha aula propia. Na nosa materia faremos uso tamén da biblioteca e aula de informática. Regulados polo Real Decreto 132/2010, de 12 de febrero, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

-Entorno sociocultural

A localidade onde se atopa este centro é no interior da provincia da Coruña, nun concello do rural con 2637 habitantes e unha superficie de 107km². O alumnado dispoñe de acceso a internet e tamén ten ordenador na biblioteca do centro e na do concello, ambas con este servizo.

O estrato social ao que pertencen o alumnado é o medio. A maior parte das familias adícanse a agricultura e a gandería e teñen un nivel de estudos básico.

- Características do alumnado.

A lingua materna dominante é o galego. Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia a materia impártese en castelán pero no centro

as actuacións administrativas, como actas, comunicados e anuncios son en lingua galega. O centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elabora o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares.

Temos agrupamentos nos cursos de 2º e 4º. En 3º temos un desdoble. Contamos tamén co apoio da PT conforme as necesidades do alumnado.

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. Estas recóllense na Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contenidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria e o bacharelato. Son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (**CCL**)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**)
- c) Competencia dixital (**CD**)
- d) Aprender a aprender (**CAA**)
- e) Competencias sociais e cívicas (**CSC**)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**)
- g) Conciencia e expresións culturais (**CCEC**)

As competencias serán avaliadas a partir dos estándares de aprendizaxe.

- As matemáticas contribúen especialmente ao desenvolvemento da **competencia matemática**, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "**Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**" (**CMCCT**). Pero este bloque engloba tres: a competencia matemática e a competencia básica en ciencia e tecnoloxía. Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e tecnoloxías e das propias matemáticas. Para lograr isto é necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión.

É dicir, a competencia matemática, en concreto, consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións axeitadas, tanto na vida persoal como na súa vida profesional.

Pero esta materia tamén contribúe a:

- A competencia en **comunicación lingüística (CCL)**, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos. Ademais realizaremos actividades con artigos de xornais e libros de lectura. O alumnado poderá ler os libros recollidos dentro do listado de volumes propostos e pertencentes á biblioteca, que se recollen no plan anual á lectura (con-

creción anual do Proxecto Lector). Os centros elaborarán un Proxecto Lector, asegurándose como mínimo, media hora diaria de lectura.

- A contribución a **competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)** artículase no modo particular que proporciona a materia para abordar os problemas, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, na medida en que se vai resolvendo o problema. A través desta vía ofrécense moitas oportunidades para desenrolar as cualidades persoais dos alumnos e alumnas, como a iniciativa, o espírito de superación, a perseveranza fronte as dificultades, a responsabilidade, a autonomía e a autocrítica, contribuindo o aumento da confianza e seguridade e a mellora da autoestima.
- A **competencia dixital (CD)**, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, comprobación da solución e a presentación de resultados. Por exemplo, na realización de exercicios interactivos parte do alumnado. No noso caso as TIC forman unha parte moi importante da metodoloxía empregada na aula. Tódolos centros deben ter un Plan TIC.
- A contribución da materia a **competencia social e cívica (CSC)**, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións. Tamén coas diferentes actividades realizadas en grupo proporcionan o alumnado habilidades e estratexias para expresar e discutir ideas e razoamentos, escoitar, abordar dificultades, xestionar conflitos e tomar decisións, practicando o diálogo, a negociación e adoptando actitudes de respecto e tolerancia cara os compañeiros e compañeiras. Segundo o Plan de Convivencia do centro, deben realizarse actividades que contribúan ó traballo en equipo e a mellorar a convivencia.
- A **competencia aprender a aprender (CAA)**, tomando conciencia do proceso desenvolvido, das respostas logradas e das que aínda quedan por resolver. Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións con un certo grao de autonomía, que organice o proceso do seu propio aprendizaxe, e que aplique o aprendido a unha situación cotiá na que poida avaliar os resultados. Tamén para traballar esta competencia o alumnado realiza actividades de investigación, por exemplo neses traballos en equipo.
- Contribuímos a **competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC)** cando incorporamos elementos culturais ou artísticos con base matemática (construcións arquitectónicas, pinturas, etc). Por exemplo, cando se fan referencias históricas como a lenda do xadrez e os graos de millo.

4. Obxectivos

4. 1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE POR CURSO.

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.

B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.

B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.

B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación

B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.

B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.

B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.

B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.

B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras.

B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas

B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.

1º ESO

Bloque 2. Números e álgebra

B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.

B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números

B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental

B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.

B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a

partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directamente proporcionais.

B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e as leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.

B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro grao, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastar os resultados obtidos.

Bloque 3. Xeometría

B3.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá.

B3.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática axeitada, e expresar o procedemento seguido na resolución.

B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.).

B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros.

Bloque 4. Funcións

B4.1. Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas

B4.2. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación, pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto).

B4.3. Comprender o concepto de función.

B4.4. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas

Bloque 5. Estatística e probabilidade

B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.

B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.

B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade

B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación

2º ESO

Bloque 2. Números e álgebra

B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria.

B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números

B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.

B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.

B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais.

B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.

B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastando os resultados obtidos.

Bloque 3. Xeometría

B3.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados), e empregalo para resolver problemas xeométricos.

B3.2. Analizar e identificar figuras semellantes, calculando a escala ou razón de semellanza e a razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes

B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.).

B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros.

Bloque 4. Funcións

B4.1. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto.

B4.2. Comprender o concepto de función, e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais.

B4.3. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas axeitadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes, e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.

B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.

B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade.

B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación.

Matemáticas ACADÉMICAS 3º ESO

Bloque 2. Números e álgebra

B2.1. Utilizar as propiedades dos números racionais, as raíces e outros números radicais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas da vida cotiá, e presentar os resultados coa precisión requirida.

B2.2. Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos.

B2.3. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información salientable e transformándoa

B2.4. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, ecuacións sinxelas de grao maior que dous e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, valorando e contrastando os resultados obtidos.

Bloque 3. Xeometría

B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas

B3.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter as medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos elementais, de exemplos tomados da vida real, representacións artísticas como pintura ou arquitectura, ou da resolución de problemas xeométricos

B3.3. Calcular (ampliación ou redución) as dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos, coñecendo a escala.

B3.4. Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra mediante movemento no plano, aplicar eses movementos e analizar deseños cotiáns, obras de arte e configuracións presentes na natureza

B3.5. Identificar centros, eixes e planos de simetría de figuras planas, poliedros e corpos de revolución.

B3.6. Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.

Bloque 4. Funcións

B4.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.

B4.2. Identificar relacións da vida cotiá e doutras materias que poden modelizarse mediante unha función lineal, valorando a utilidade da descrición deste modelo e dos seus parámetros, para describir o fenómeno analizado.

B4.3. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

B5.1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, xustificando se as conclusións son representativas para a poboación estudada

B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas

B5.3. Analizar e interpretar a información estatística que aparece nos medios de comunicación, valorando a súa representatividade e a súa fiabilidade

B5.4. Estimar a posibilidade de que aconteza un suceso asociado a un experimento aleatorio sinxelo, calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore, e identificando os elementos asociados ao experimento.

Matemáticas APLICADAS 3ºESO

Bloque 2. Números e álgebra

B2.1. Utilizar as propiedades dos números racionais e decimais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas, e presentando os resultados coa precisión requirida.

B2.2. Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos

B2.3. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información relevante e transformándoa.

B2.4. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas,

aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, e valorar e contrastar os resultados obtidos.

Bloque 3. Xeometría

B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas

B3.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter medidas de lonxitudes, de exemplos tomados da vida real, de representacións artísticas como pintura ou arquitectura, ou da resolución de problemas xeométricos.

B3.3. Calcular (ampliación ou redución) as dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos, coñecendo a escala

B3.4. Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra mediante movemento no plano, aplicar os referidos movementos e analizar deseños cotiáns, obras de arte e configuracións presentes na natureza.

B3.5. Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.

Bloque 4. Funcións

B4.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.

B4.2. Identificar relacións da vida cotiá e doutras materias que poden modelizarse mediante unha función lineal, valorando a utilidade da descrición deste modelo e dos seus parámetros, para describir o fenómeno analizado.

B4.3. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

B5.1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, e xustificar se as conclusións son representativas para a poboación estudada.

B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas

B5.3. Analizar e interpretar a información estatística que aparece nos medios de comunicación, e valorar a súa representatividade e fiabilidade.

Matemáticas ACADÉMICAS 4ºESO

Bloque 2. Números e álgebra

- B2.1. Coñecer os tipos de números e interpretar o significado dalgunhas das súas propiedades máis características (divisibilidade, paridade, infinitude, proximidade, etc.).
- B2.2. Utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria e con outras materias do ámbito educativo.
- B2.3. Construír e interpretar expresións alxébricas, utilizando con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.
- B2.4. Representar e analizar situacións e relacións matemáticas utilizando inecuacións, ecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos e de contextos reais.

Bloque 3. Xeometría

- B3.1. Utilizar as unidades angulares dos sistemas métrico sesaxesimal e internacional, así como as relacións e as razóns da trigonometría elemental, para resolver problemas trigonométricos en contextos reais.
- B3.2. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuadas, e aplicando as unidades de medida
- B3.3. Coñecer e utilizar os conceptos e os procedementos básicos da xeometría analítica plana para representar, describir e analizar formas e configuracións xeométricas sinxelas.

Bloque 4. Funcións

- B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica ou de datos numéricos, ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.
- B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficas que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais obtendo información sobre o seu comportamento, a evolución e os posibles resultados finais.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

- B5.1. Resolver situacións e problemas da vida cotiá aplicando os conceptos do cálculo de probabilidades e técnicas de reconto axeitadas.

B5.2. Calcular probabilidades simples ou compostas aplicando a regra de Laplace, os diagramas de árbore, as táboas de continxencia ou outras técnicas combinatorias.

B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).

B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas

Matemáticas APLICADAS 4ºESO

Bloque 2. Números e álgebra

B2.1. Coñecer e utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito educativo, recollendo, transformando e intercambiando información.

B2.2. Utilizar con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.

B2.3. Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas, utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas.

Bloque 3. Xeometría

B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.

B3.2. Utilizar aplicacións informáticas de xeometría dinámica, representando corpos xeométricos e comprobando, mediante interacción con ela, propiedades xeométricas.

Bloque 4. Funcións

B4.1. Identificar relacións cuantitativas nunha situación, determinar o tipo de función que pode representalas, e aproximar e interpretar a taxa de variación media a partir dunha gráfica, de datos numéricos ou mediante o estudo dos coeficientes da expresión alxébrica.

B4.2. Analizar información proporcionada a partir de táboas e gráficos que representen relacións funcionais asociadas a situacións reais, obtendo información sobre o seu comportamento, a súa evolución e os posibles resultados finais.

Bloque 5. Estatística e probabilidade

B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).

B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.

B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.

5. Contidos. Secuenciación e temporalización dos contidos

Os contidos son os elementos do currículo (coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes) que o alumnado ten que adquirir para acadar os obxectivos e competencias explicadas nos epígrafes anteriores. O currículo establecido no D 86/2015, agrupa os contidos en 5 bloques temáticos:

Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas

Bloque 2. Números e álgebra

Bloque 3. Xeometría

Bloque 4. Funcións

Bloque 5. Estatística e probabilidade

Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, que logo veremos, serán distribuídos en unidades didácticas. A continuación, indícase a súa secuenciación e temporalización aproximada, xa que poderían ser modificadas se o profesor/a, logo de avaliar as características do alumnado e o seu coñecemento previo da materia, o considera oportuno.

Os contidos dalgunha unidade serán traballados noutra avaliación se a profesor/a considera que é mellor para o alumnado.

O plan de reforzo realizado neste curso desenvolverase mediante axustes curriculares. Por eso comezamos o curso polos contidos nos que o alumnado encontraban antes de comezar o confinamento e progresivamente vamos introducindo os contidos do curso actual.

O bloque 1 será traballado en todas as avaliacións e os contidos serán os seguintes:

B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.

B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.

B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.

B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.

B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.

B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.

B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:

- Recollida ordenada e organización de datos.
- Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.
- Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.
- Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.
- Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.
- Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.

5.1. MATEMÁTICAS 1º ESO.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRA	1. Procesos, métodos e actitudes.	1. Números naturais. Divisibilidade dos números natur.	8 sesións
		2. Números enteiros.	14 sesións
	3. Fraccións.	14 sesións	
	2. Números e álgebra.	4. Números decimais.	12 sesións
		5. Potencias e raíces	10 sesións

SEGUNDA	1. Procesos, métodos e actitudes.	6. Proporcionalidade directa e porcentaxes	10 sesións
		7. Álgebra	14 sesións
	2. Números e álgebra.	8. Rectas e ángulos	8 sesións
		9. Figuras planas	10 sesións
TERCEIRA	3. Xeometría.	10. Perímetros e áreas de figuras planas	10 sesións
	1. Procesos, métodos e actitudes.	11. Corpos xeométricos. Áreas e volumes.	10 sesións
		3. Xeometría.	12. Táboas e gráficas. Funcións.
	4. Funcións.	13. Estatística.	14 sesións
	5. Estatística e probabilidade	14. Probabilidade.	10 sesións

UNIDADE 1: NÚMEROS NATURAIS.

Introducción dos número naturais.

B2.8. Xerarquía das operacións.

B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade.

B2.11. Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos.

B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais.

UNIDADE 2: NÚMEROS ENTEIROS

B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais.

B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora.

B2.8. Xerarquía das operacións.

UNIDADE 3: FRACCIÓNS

B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións.

Representación, ordenación e operacións.

B2.8. Xerarquía das operacións.

UNIDADE 4: NÚMEROS DECIMAIS

B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións.

B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.

B2.8. Xerarquía das operacións.

UNIDADE 5: POTENCIAS E RAICES

B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.

B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.

B2.8. Xerarquía das operacións.

B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos

B2.13. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.

B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.

UNIDADE 6: PROPORCIONALIDADE DIRECTA E PORCENTAXES

B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.

B2.16. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.

B2.17. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional.

UNIDADE 7: ÁLXEBCRA

B2.18. Iniciación á linguaxe alxébrica.

B2.19. Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.

B2.20. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.

B2.21. A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.

B2.22. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.

UNIDADE 8: RECTAS E ÁNGULOS

B3.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade.

B3.2. Ángulos e as súas relacións.

B3.3. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades.

UNIDADE 9: FIGURAS PLANAS.

B3.4. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais.

B3.5. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións

B3.6. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas.

B3.8. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares.

UNIDADE 10: PERIMÉTROS E ÁREAS DE FIGURAS PLANAS

B3.7. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples

UNIDADE 11: CORPOS XEOMÉTRICOS. ÁREAS E VOLÚMENES.

B3.9. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes.

B3.10. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.

B3.11. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.

UNIDADE 12: TÁBOAS E GRÁFICAS. FUNCIONS

B4.1. Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados.

B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula).

B4.3. Funcions lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta.

Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.

B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas.

UNIDADE 13: ESTADÍSTICA

B5.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas.

B5.2. Variables cualitativas e cuantitativas.

B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.

B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.

B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.

B5.6. Medidas de tendencia central.

B5.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.

UNIDADE 14: PROBABILIDADE

B5.8. Fenómenos deterministas e aleatorios.

B5.9. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación.

B5.10. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.

B5.11. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.

B5.12. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.

B5.13. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.

5.2. MATEMÁTICAS 2º ESO.

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRA	1. Procesos, métodos e actitudes. 2. Números e álgebra. 4. Funcións.	6. Expresións alxébricas	8 sesións
		7. Ecuacións de 1º e 2º grao.	14 sesións
		8. Sistemas de ecuacións.	12 sesións
		9. Funcións.	10 sesións
SEGUNDA	1. Procesos, métodos e actitudes. 3. Xeometría. 5. Estatística e probabilidade.	10. Teorema de Pitágoras.	10 sesións
		11. Semellanza.	8 sesións
		12. Xeometría no espazo	10 sesións
		13. Estatística.	14 sesións
		14. Probabilidade.	12 sesións
TERCEIRA	1. Procesos, métodos e actitudes. 2. Números e álgebra.	1. Os números enteiros.	8 sesións
		2. Os números decimais	14 sesións
		3. Fraccións.	14 sesións
		4. Potencias e raíces	10 sesións
		5. Proporcionalidade numérica e	12 sesións

		porcentaxes.	
--	--	--------------	--

UNIDADE 1: Números enteiros

B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.

B2.8. Xerarquía das operacións.

B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.

UNIDADE 2: Números decimais

B2.3. Números decimais: representación, ordenación e operacións.

B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.

UNIDADE 3: Fraccións

B2.2. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.

B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.

B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.

UNIDADE 4: Potencias e raíces

B2.5. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.

B2.6. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.

B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.

UNIDADE 5: Proporcionalidade numérica e porcentaxes

B2.10. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.

B2.11. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.

B2.12. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Reparticións directa e inversamente proporcionais.

UNIDADE 6: Expresións alxébricas

B2.13. Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.

B2.14. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo (números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.).

B2.15. Linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.

b e g	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Análise crítica de táboas e gráficas estatísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.). ▪ B5.2. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización e dispersión. ▪ B5.3. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. ▪ B5.4. Construción e interpretación de diagramas de dispersión. Introducción á 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.2.1. Discrimina se os datos recollidos nun estudo estatístico corresponden a unha variable discreta ou continua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 40% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE 	11
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.2.2. Elabora táboas de frecuencias a partir dos datos dun estudo estatístico, con variables discretas e continuas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 40% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE 	11, 12
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.2.3. Calcula os parámetros estatísticos (media aritmética, percorrido, desviación típica, cuartís, etc.), en variables discretas e continuas, coa axuda da calculadora ou dunha folla de cálculo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 35% 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PE 	11

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo	Instrumentos de avaliación	Unidades
	<p>correlación.</p> <ul style="list-style-type: none"> B5.8. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos. 		<ul style="list-style-type: none"> MAPB5.2.4. Representa graficamente datos estatísticos recollidos en táboas de frecuencias, mediante diagramas de barras e histogramas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 35% 	<ul style="list-style-type: none"> PE 	11
<ul style="list-style-type: none"> b f 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Azar e probabilidade. Frecuencia dun suceso aleatorio. B5.6. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. B5.7. Probabilidade simple e composta. Sucesos dependentes e independentes. Diagrama en árbore. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB5.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos coa regra de Laplace e utiliza, especialmente, diagramas de árbore ou táboas de continxencia para o reconto de casos. MAPB5.3.2. Calcula a probabilidade de sucesos compostos sinxelos nos que interveñan dúas experiencias aleatorias simultáneas ou consecutivas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> 40% 30% 	<ul style="list-style-type: none"> PE PE 	13 13

7. Concrecións metodolóxicas

Neste curso seguiremos a seguinte metodoloxía, sempre e cando se poida atender a clases presenciais. No caso de ter pasar a ter clases semipresenciais ou non presenciais no apartado 12 recóllense as medidas a tomar.

Dado a situación de crise sanitaria vida, comezamos o curso facendo:

-Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020. Porque é esencial que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020.

-Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial da materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

A partir dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares. Por eso comezamos o curso polos contidos nos que o alumnado encontraban antes de comezar o confinamento e progresivamente vamos introducindo os contidos do curso actual.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

Os aspectos metodolóxicos a seguir no proceso de ensino-aprendizaxe na ESO, seguirán os seguintes principios:

Metodoloxía activa. Buscarase a implicación activa do alumnado como protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.

Experimental. Todos os conceptos, habilidades, ou teorías expostas serán comprobadas de forma empírica a través do traballo práctico.

Participativa. Fomentárase o intercambio de opinións e puntos de vista entre o alumnado coa finalidade da implicación responsable no proceso de ensino-aprendizaxe.

Aberta. Tratarase de vincular o traballo de aula co entorno vital do alumnado (medios de comunicación, etc.), servindo aquel de instrumento de análise da súa propia realidade, e reciprocamente esta última como un material valioso no seu proceso de aprendizaxe, para o que se motivará ao alumno á procura de información por medios como internet ou prensa.

Neste ámbito incluírase a achega do *Departamento ao Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación*. De feito, en 1º e 2ºESO non se seguirá libro de texto en formato papel, senón que se fará uso de EDIXGAL. Ademais da utilización de ordenadores nos ámbitos da materia, preténdese que o/a alumno/a empregue as tecnoloxías da información como medios de expresión do seu propio traballo, así como para a busca de información e xestión da mesma (comunicar o seu traballo a través de presentacións con soporte informático, busca en Internet, etc).

Transversal. Buscarase a conexión con outras materias, así como a introdución de aspectos que teñan que ver con problemáticas de importancia para o alumnado: convivencia, sexismo, multiplicidade, etc. Neste sentido considerarase a achega do *Departamento ao Proxecto lector de centro*.

A metodoloxía proposta seguirá un modelo de intervención educativa no que observaremos estas directrices:

- Partir do nivel de desenvolvemento do/a alumno/a, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren dito nivel de desenvolvemento.
- Subliñar a necesidade de estimular o desenvolvemento das capacidades xerais e das competencias clave por medio do traballo paulatino e ordenado conforme ás capacidade do/a alumno/a.
- Dar prioridade á comprensión dos contidos cos que se traballa fronte á súa mera aprendizaxe mecánica.
- Procurar ofrecer oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos de modo que o alumnado poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido dende unha perspectiva de aprendizaxe significativa.

- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a formulación de opinións críticas con respecto ao que se aprendeu de modo que o/a alumno/a poida asimilar o aprendido e incorporalo eficazmente á súa experiencia persoal.

Tendo en conta estas directrices metodolóxicas e servíndonos do carácter progresivo que teñen as matemáticas ao longo dos catro cursos dos que consta a educación secundaria obrigatoria, cada profesor irá introducindo novos contidos partindo de actividades sinxelas, favorecendo que os/as alumnos/as os descubran por si mesmos e os conecten cos que xa saben.

Para iso deixarase un pouco de lado o aspecto máis rigoroso e lóxico do razoamento matemático e tratarase de empregar unha linguaxe máis próxima ao alumando. Si ben aquela vertente das matemáticas tampouco se esquecerá por completo, e será tarefa do profesorado ir familiarizando aos seus/súas alumnos/as coa linguaxe matemática e o rigor do razoamento lóxico-dedutivo tan característico das demostracións matemáticas a pesar de que nesta etapa non se lles exporá ningunha.

Para lograr iso, as exposicións no encerado xogarán un papel importante na presentación de contidos ou de exemplos que o profesor queira amosar aos/ás seus/súas alumnos/as, proporcionándolles a confianza necesaria para que fagan as intervencións que desexen, a fin de facer do proceso de aprendizaxe un proceso de diálogo no que os alumnos participen de forma activa.

Ademais do encerado, o profesor/a poderá usar recursos informáticos, recursos presentes nos medios de comunicación ou a calculadora. Mención aparte merece o uso da calculadora. Porque si ben este é un recurso non só útil senón imprescindible a certos niveis para axilizar a busca de solucións a un problema, cando esta non sexa a finalidade do cálculo, os/as alumnos/as non poderán facer uso dela. É dicir, nas unidades didácticas ou temas que teñan que ver cos contidos do bloque de números, os/as alumnos/as non poderán utilizar a calculadora. Porque dende o Departamento de Matemáticas, cremos que neste bloque trátase de que os/as alumnos/as coñezan e realicen todas as operacións e cálculos con precisión, ademais de que desenvolvan o cálculo mental.

Para mellorar o desenvolvemento das competencias, no Departamento de Matemáticas presentará ao alumnado actividades baseadas na resolución de problemas, no que se refire a

identificacións das situacións, a aplicacións de coñecementos, o uso de estratexias , a argumentacións e a xustificación. Para acadar este obxectivo, realizaranse un maior número de problemas con enunciados elaborados con datos da súa realidade cotiá e que permitirán, tamén, traballar a lectura comprensiva.

8. Materiais e recursos didácticos

Nas sesións de aula utilizaremos diferentes tipos de recursos didácticos como:

- Libros dixitais. En 1ºE.S.O. e 2ºESO traballan con E-DIXGAL (isto supón a utilización por parte de cada un dos alumnos e alumnas de dun ordenador portátil).

- Libros de texto:

3º ESO :

Matemáticas orientadas a las ciencias aplicadas 3 – Ed. Anaya.

4º ESO:

Matemáticas orientadas a las ciencias aplicadas 4 - Ed. Anaya.

- Aula Virtual do centro.
- Webs de referencia.
- Videos titoriais e diferentes tipo de recursos na rede.
- Emprego de recursos TIC de creación propia.
- Programas informáticos (Geogebra, folla de cálculo,...).
- Material de debuxo para as construcións xeométricas.
- Sólidos xeométricos.
- Libros de lectura.
- Encerados dixitais e canóns na maioría das aulas.

9. Concreción dos elementos transversais por curso

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgunhas das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

Para o traballo da **Comprensión lectora** empregaremos os enunciados das actividades, as lecturas proposta polo libro sobre apuntes históricos das Matemáticas, breves biografías de matemáticos/as.

O alumnado poderá ler os libros recollidos dentro do listado de volumes propostos polo profesorado da área e pertencentes á biblioteca .

Para a **Expresión oral e escrita** intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral aquilo que fai nas tarefas que realiza (método de resolución empregados, cálculos, ...), tanto actividades sinxelas, como tarefas máis complexas (os diferentes aspectos dun proxecto). A **Comunicación audiovisual** encaixa perfectamente na análise das mensaxes visuais e audiovisuais.

Actividade 1. Presentar en clase novas que aparezan nos xornais ao longo do curso e que teñan que ver coas matemáticas, para lelas e logo comentalas entre todos. Estas novas pode levalas o profesor ou calquera alumno que as vexa nun xornal, fomentando así a lectura de xornais e a análise e reflexión críticas de noticias con contido matemático que aparezan en prensa (toda a ESO).

En canto ás **TIC**, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través de Internet, o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso ensino-aprendizaxe e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos do alumnado, ademais de inicialos no manexo de programas e aplicacións específicas.

A **capacidade para o emprendemento** pódese ver enriquecida co emprego de instrumentos coma os traballos e os proxectos, onde xurdirá a necesidade de toma de decisións, de ter iniciativas e de propor solucións ás propostas formuladas .

O departamento de matemáticas diseña dúas actividades do centro que engloba **expresión oral e escrita, capacidade para o emprendemento, comunicación audiovisual, TIC**

Actividade 2. Organización dun concurso de narracións ou relatos curtos nos que na trama se mesturen aspectos ou personaxes relacionados dalgún xeito co mundo das matemáticas. Nas bases do concurso o departamento poderá deixar aos alumnos a libre elección do tema ou ben propoñerlles un tema común para todas as narracións (toda a ESO).

Actividade 3. Elaboraranse traballos sobre acontecementos e persoas relacionados coas matemáticas ao longo da historia, para o cal terán que buscar e seleccionar información na Internet ou en bibliografía recomendada, fomentando así a capacidade e comprensión lectoras do alumnado.

(3º e 4º E.S.O.).

Actividade 4. Organización dunha exposición de fotografía matemática. Onde unha parte importante e o título da fotografía e a explicación escrita da razón pola cal a ligamos as matemáticas. (toda a ESO)

A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a **educación cívica e constitucional**. Toda a ESO traballará este contido. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual

Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenvolvemento das competencias clave , nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación de todos os cursos, orientándoos cara unhas actitudes concretas:

- Fomentar a tolerancia intelectual para aceptar e estar abertos a outras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.
- Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.
- Valorar as matemáticas para interpretar, describir o noso entorno
- Aprender a gozar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.

A igualdade entre os sexos, a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico, e a educación para a paz introducírase fomentando o desenvolvemento de actividades de grupo sen distincións por razóns de sexo, e potenciando un clima, tanto nos grupos de traballo como na clase, de aceptación, respecto e valoración das solucións distintas das propias que sexan aportadas por outras persoas, independentemente do seu sexo, raza, nacionalidade, grao de discapacidade (se é o caso), condición sexual, crenza relixiosa, etc. Así mesmo, empregárase diariamente unha linguaxe non sexista, non violenta, non discriminatoria e non irrespectuosa co alumnado e coidando de que os enunciados dos exercicios e problemas non reproduzan roles de tipo sexista ou tolerantes coa violencia.

10. Avaliación

A avaliación constitúe unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe, xa que permite obter información de todo o proceso e intervir da maneira mais favorable.

A avaliación levarase a cabo ao longo de todo o proceso, co fin de poder aproveitar a retroalimentación que proporciona. Ademais, permitirá valorar as aprendizaxes do alumnado, pero tamén a práctica docente e o cumprimento da programación didáctica.

10.1. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

10.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Comezamos por indicar algúns elementos fundamentais na avaliación:

Criterio de avaliación: referente específico para avaliar o aprendizaxe do alumno. Describindo aquilo que quere valorar e que o alumno debe acadar, tanto en coñecementos como en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (Decreto 86/2015). Os criterios de avaliación asumen unha dobre función:

- Indicar o que se debe traballar.
- Son o referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado.

Estándares de aprendizaxe: son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultado de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina (Decreto 86/2015). Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

Igual que os criterios de avaliación, o conxunto de unidades vincúlase cos estándares de aprendizaxe establecidos no Decreto 86/2015. Cada un deles inclúense, polo menos, nunha unidade didáctica.

Grao de consecución de un estándar: sirve para sinalar o grao mínimo de consecución que se esixe dun estándar para superar a materia.

Instrumento e procedemento de avaliación: é importante esclarecer a diferenza entre procedemento e instrumento de avaliación.

- o instrumento sinala o medio material que se utiliza para avaliar.
- o procedemento será o método a través do cal se fai a recollida de información.

Observación directa de traballo diario	Escalas de valoración
Análise de probas creadas para avaliación	Probas escritas
Tarefas “Pequenos proxectos”	Rúbricas
Probas orales	Rúbricas / Escalas de valoración

10.1.2. AVALIACIÓN INICIAL

Ao alumnado faráselle ao comezo do curso unha proba escrita que permitirá coñecer o seu grao de madurez, o nivel de coñecementos, os procedementos que utiliza para a resolución das tarefas, a facilidade para o cálculo, recoñecemento de elementos xeométricos,.. Esta proba inclúe exercicios co mínimo esixible dos anos anteriores en cada bloque (Álgebra, funcións, xeometría, estatística e probabilidade). Esta proba inicial non repercute na cualificación pero será un punto de partida.

Os resultados da proba e/ou das observacións directas na aula, determinarán se é preciso paliar determinadas deficiencias e retomar e afianzar conceptos clave a nivel individual ou de grupo.

10.1.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Cada estándar será cualificado segundo a seguinte relación:

Grao de consecución do estándar	Excelente	Bo	Elemental	Insuficiente	No caso de non responder
Cualificación	100 %	75%	50%	15%	0%

As unidades didácticas son partes da programación que se avalían de forma autónoma mediante o procedemento de avaliación .

Dentro de cada unidade, o traballo(ou proxecto) individual e/ou grupal terá un peso do 20%, estes avaliaranse mediante escala e rúbrica (onde se avaliarán os “Procesos, métodos e actitudes en matemáticas “), e as probas escritas do 80% (bloques II, III, IV e V).

En cada unidade faise unha proba escrita ou como moito xúntanse dúas .

A nota do trimestre será a media das unidades didácticas.

Para aprobar a materia esíxese que ademais de superar o grao mínimo de consecución de todos os estándares de aprendizaxe, o resultado de aplicar a media para o cálculo da nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.

10.1.4. AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA. RECUPERACIÓN.

Se o alumno non supera a avaliación farase unha proba escrita (Recuperación) .

Así como indicabamos que a nota trimestral sae da medias das unidades didácticas, a nota final obtense calculando a media das notas dos trimestres.

O alumnado que non superase a materia na avaliación final ordinaria de xuño poderá presentarse a avaliación extraordinaria de setembro para examinarse con unha proba escrita.

10.1.5. AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE.

O programa de recuperación da materia pendente levarase a cabo ao longo do curso cun seguimento semanal e coa realización de exercicios de cada un dos bloques nos que está dividida a materia, con distintos graos de dificultade para que o alumnado vaia pouco a pouco acadando obxectivos e traballando contidos e desenvolvendo as competencias clave.

Realízanse tres probas escritas: dúas avaliacións parciais, unha en Xaneiro e outra en Abril, e se non superan a materia por parciais, unha proba final en Maio.

10.2. AVALIACIÓN DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensinanza terá un carácter formativo, orientado a facilitar a toma de decisións para introducir as modificacións necesarias par mellorar o proceso de maneira continua.

Preténdese unha avaliación que contribúa a garantir a calidade e eficacia do proceso educativo. Tódolos logros e dificultades atopados serán recollidos na memoria final de curso, xunto coas propostas de mellora de cara ó curso escolar seguinte, para que a práctica docente mellore o seu nivel de calidade.

Para gañar rigor levaremos a cabo o seguimento e valoración do traballo en cada unidade e apoiándonos nos seguintes indicadores de logro:

- Usa materiais para favorecer o desenvolvemento das competencias clave e a transferencia dos aprendizaxes do entorno escolar ao socio-familiar e profesional.
- Estimula o pensamento lóxico e o creativo.

- Fomenta, a través da súa propia conduta e as súas propostas de experiencias ensino-aprendizaxe, a educación en valores.
- Favorece a participación activa do alumno, para estimular a implicación na construción dos seus propios aprendizaxes.
- Enfronta ao alumno a resolución de problemas complexos da vida cotiá que esixen aplicar de forma conxunta os coñecementos adquiridos.
- Establece camiños de cooperación efectiva coas familias para o desenvolvemento da educación en valores e no establecemento de pautas de lectura, estudo e esforzo na casa, condicións para favorecer a iniciativa e autonomía persoal.
- Informa ós alumnos e as súas familias dos criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
- Da resposta os distintos tipos de intereses, necesidades e capacidades dos alumnos.
- Orienta as actividades tendo en conta que os contidos non son o eixo exclusivo da tarefa senón un elemento mais do proceso.

10.3. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Durante o curso, a programación será sometida a continuas revisións por parte do profesorado do departamento.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora.

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados				
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar				
Adecuación dos procedementos e instrumentos elixidos para cada estándar				
Adecuación das probas escritas estandarizadas				
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro				
Grao de integración das TIC no desenvolvementos da materia				
Adecuación do sistema de recuperación dunha avaliación e do curso				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación das materias pendentes				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso				
Propostas de mellora:				

Lenda: 1-moi mellorable, 2- mellorable, 3-acceptable, 4-óptimo

Toda esta información recóllese na memoria final.

11. Atención á diversidade

Tódolos alumnos teñen as súas propias necesidades educativas, na aula temos alumnos con diferente ritmo de aprendizaxe, damos resposta mediante a atención a diversidade.

No marco do decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; enténdese por **atención á diversidade** o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Conforme o artigo 71 da LOE/LOMCE decimos que os **Alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE)** son aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente da ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH (Trastorno de déficit de atención e hiperactividade), polas súas altas capacidades intelectuais, porque se incorporou tarde o sistema educativo , ou por situacións persoais ou de historia escolar.

As medidas de atención á diversidade, en liñas xerais, serán:

- Un agrupamento en 2º ESO e 4ºESO.
- En 3º de ESO impártense as dúas opcións de matemáticas.
- En 4º de ESO impártense as dúas opcións de matemáticas.

Tamén contamos co apoio da PT conforme as necesidades do alumnado

Dentro da aula, para atender as diferenzas entre o alumnado nesta materia contéplanse dous tipos de medidas ordinarias nos tempos e espazos das aulas habituais:

1.Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de reforzo para os alumnos que teñan grandes dificultades para acadar o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

2.Adaptación dos instrumentos de avaliación en forma de actividades de ampliación para os alumnos que manifesten unha grande capacidade na aprendizaxe dos estándares.

Valoraremos as medidas que se tomen na reunión da avaliación inicial e na primeira avaliación, e se é necesario tomaremos novas medidas, e recolleremos en acta e na memoria as alteracións feitas se fose o caso.

En todo caso, para atender á diversidade sempre debemos traballar en colaboración co Departamento de Orientación. Tamén é importante manter unha relación fluída con tódalas familias pero máis especialmente nestes casos onde se dan unha serie de características que fan un pouco máis dificultosa a aprendizaxe, ben sexa directamente ou a través da tutoría.

Atención ao alumnado repetidor

Farase un seguimento máis personalizado dos alumnos/as repetidores co fin de que consigan superar as dificultades que atoparon no curso anterior. Proporánselles boletíns de reforzo adaptados as súas dificultades.

12. Concrecións no ensino semipresencial e/ou non presencial

12.1. METODOLOXÍA

Se por algún motivo -como pode ser un confinamento obrigado derivado dun novo estado de alarma provocado pola Covid-19- temos que pasar unha parte do curso académico nos nosos fogares, seguiranse as seguintes indicacións metodolóxicas para o ensino a distancia recollidas no presente apartado.

Nunha situación de docencia non presencial, en primeiro lugar intentarase, en coordinación co equipo docente, que todo o alumnado conte con acceso a internet e cun dispositivo tecnolóxico para teletraballar.

En segundo lugar, no referente ás materias de 1º e 2º da ESO, empregarase basicamente o E-DIXGAL e en 3º e 4º a Aula Virtual do centro educativo. Complementada co uso do correo electrónico e a plataforma Cisco Webex ou outras plataformas de videoconferencia propostas pola Consellería de Educación-, ferramentas de traballo que implican a necesaria adaptación do alumnado e o desenvolvemento das súas competencias dixitais e de aprender a aprender, xa que a capacidade de intervención docente vese reducida.

O traballo para a ampliación de aprendizaxes a distancia será planificado semanalmente, de xeito que cada domingo á tarde ou luns a primeira hora o alumnado xa terá á súa disposición na aula virtual as tarefas a realizar ao longo da semana, pautadas respectando os días nos que se tiña clase co grupo. De realizarse unha proba na aula virtual farase sempre respectando o horario de clase presencial, evitando unha posible simultaneidade en datas coas tarefas organizadas por outros departamentos.

O alumnado sen cualificación positiva durante as clases presenciais, recibirá ademais actividades centradas no desenvolvemento das aprendizaxes e competencias imprescindibles non acadadas durante a asistencia ás aulas, coa finalidade de que poida continuar co seu itinerario formativo. No caso de tratarse dunha avaliación pendente deberá entregar un boletín de exercicios e facer unha proba de recuperación a través da Aula Virtual ou Videoconferencia. Ofrecerase ao alumnado unha retroalimentación das tarefas, entregándollas corrixidas con apreciacións ou pasándolles solucionarios. Isto permitirá favorecer a aprendizaxe e o desenvolvemento e a adquisición das competencias clave.

Se algún alumno ou alumna non pode asistir puntualmente ao centro por ter que afrontar unha corentena deberá realizar e entregar as tarefas que se lle asignarán a través da

aula virtual. Sempre que sexa posible realizará as posibles probas ao incorporarse de novo ás clases presenciais. De non existir esta posibilidade deberá examinarse a través da aula virtual ou videoconferencia.

12.2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libros dixitais. En 1ºESO e 2ºESO traballan con E-DIXGAL
- Aula Virtual do centro.
- Videos tutoriais .
- Webs de referencia.
- Correo electrónico
- Videoconferencias a través da plataforma Cisco Webex, ou outras plataformas oficiais propostas pola Consellería de Educación, para resolucións de dúbidas, asistencia a clases virtuais e explicación dalgunhas tarefas.
- Boletíns de exercicios

12.3. AVALIACIÓN

No suposto de non poder acudir ás clases de xeito presencial normal, por mor dun posible confinamento derivado dun novo estado de alarma, a cualificación desa avaliación ou avaliacións será calculada tendo en conta as seguintes consideracións:

En canto aos instrumentos e procedementos de avaliación, así como aos valores de ponderación, serán de aplicación os seguintes criterios:

Dentro de cada unidade, o traballo(ou proxecto) individual e/ou grupal terá un peso do 40%, estes avaliaranse mediante escala e rúbrica (onde se avaliarán os “Procesos, métodos e actitudes en matemáticas “), e as probas escritas do 60% (bloques II, III, IV e V).

En cada unidade faise unha proba escrita ou como moito xúntanse dúas .

A nota do trimestre será a media das unidades didácticas.

Para aprobar a materia esíxese que ademais de superar o grao mínimo de consecución de todos os estándares de aprendizaxe, o resultado de aplicar a media para o cálculo da nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10.

A non asistencia a algunha das probas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas do traballo ou proxecto de investigación, debe ser xustificada. A falta inxustificada a unha proba, fará que na mesma o alumno reciba unha cualificación de 0. A non

entrega e/ou exposición debidamente xustificada do traballo ou proxecto de investigación nas datas establecidas fará que no apartado correspondente reciba unha cualificación de 0 nesa avaliación.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba, na realización das tarefas desenvolvidas, na realización de traballo ou proxecto de investigación, suporá a cualificación inmediata de 0 para esa avaliación no apartado correspondente.

13. Contribución ao plan lector

Para fomentar o hábito da lectura, tal e como se recolle no Título III do Decreto 86/2015, os centros elaborarán un **Proxecto Lector**, asegurándose como mínimo, media hora diaria de lectura. Éste elabórase cada catro cursos escolares e despois anualmente realízase un **Plan Anual á Lectura** que se inclúe na Programación Xeral Anual .

A modo de exemplo indicamos algunhas actividades a realizar dende o departamento de matemáticas:

- Organización polo departamento de matemáticas dun concurso de narracións ou relatos curtos nos que na trama se mesturen aspectos ou personaxes relacionados dalgún xeito co mundo das matemáticas. Nas bases do concurso o departamento poderá deixar aos alumnos a libre elección do tema ou ben propoñerlles un tema común para todas as narracións.
- Tamén participaremos no **concurso de proxectos creativos nos que π será o protagonista principal**, organizado pola Fundación Descubre, la Real Sociedad Matemática Española, la Federación Española de Sociedades de Profesores de Matemáticas, la Universidad de Granada y la Asociación Andaluza de Educación Matemática Thales. Participaran na modalidade de **Relatos** (de divulgación sobre Pi e as súas propiedades ou de ficción en que Pi ten un papel protagonista)
- Presentar en clase novas que aparezan nos xornais ao longo do curso e que teñan que ver coas matemáticas, para lelas e logo comentalas entre todos. Estas novas pode levalas o profesor ou calquera alumno que as vexa nun xornal, fomentando así a lectura de xornais e a análise e reflexión críticas de noticias con contido matemático que aparezan en prensa.
- Como xa se comentou no apartado anterior de integración das TIC, elaboraranse traballos sobre acontecementos e persoas relacionados coas matemáticas ao longo da historia, para o cal terán que buscar e seleccionar información na Internet ou en bibliografía recomendada, fomentando así a capacidade e comprensión lectoras do alumnado.

- O alumnado poderá ler os libros recollidos dentro do listado de volumes propostos e pertencentes á biblioteca , que se recollen no Plan Anual á Lectura (concreción anual do Proxecto Lector). Coméntanse, leense fragmentos e realízanse actividades na clase sobre eles.

Por exemplo

“El asesinato del profesor de matemáticas” de Jordi Sierra i Fabra. Ed.: Grupo Anaya, S.A.

“Malditas matemáticas: Alicia en el país de los números” de Carlo Frabetti. Ed.: Alfaguara Ediciones

“El señor del cero” de M^a Isabel Molina. Ed.: Alfaguara Ediciones

“El curioso incidente del perro a medianoche” de Mark Haddon Ed.: Salamandra

- O departamento de matemáticas participará durante o presente curso na actividade de fomento da lectura que organiza a Biblioteca do Centro.

14. Contribución ao Plan Tic

Tal e como recolle no Decreto 86/2015, os centros educativos teñen un **Proxecto de Promoción da Tecnoloxías da Información e da Comunicación**. Non é algo optativo, senón que tódolos centros deben ter un **Plan TIC**, forma parte do **Proxecto Educativo** de cada centro.

No noso caso as TIC forman unha parte moi importante da metodoloxía empregada na aula, en 1º e 2º da ESO traballamos con EDIXGAL.

- Uso do PC portátil e o proxector para a representación de funcións empregando algún programa sinxelo de representación de funcións e comprobar deste xeito se a gráfica da función se corresponde coa forma que os alumnos esperaban.
- Emprego do ordenador portátil e o proxector na aula para, coa axuda de programas sinxelos de software libre de xeometría dinámica (como Geogebra) presentar aos alumnos conceptos da xeometría e análise para facilitar a súa visión e comprensión.
- Uso da Aula de informática do centro para a elaboración de traballos estatísticos cunha folla de cálculo, dende a recollida de datos á realización de táboas estatísticas con todos os parámetros estatísticos necesarios, representación dos datos co gráfico axeitado e representación da recta de regresión asociada. Extraer as conclusións oportunas e elaborar unha presentación en PowerPoint para expoñer o traballo aos seus compañeiros.
- Recorrer á Internet como fonte de busca de información para a elaboración de traballos que teñan como finalidade o coñecemento do alumno acerca da historia e evolución das Matemáticas así como coñecer aspectos da vida de homes e mulleres importantes pola súa achega ao campo das matemáticas e á ciencia en xeral.
- Haberá uns criterios de avaliación relacionados co manexo do ordenador necesarios para que o ordenador sexa unha ferramenta e un asistente para ás matemáticas..

- Empregar programas de propósito xeral (procesador de texto, folla de cálculo, base de datos, paquetes gráficos o programas de comunicacións) como ferramentas de apoio da área curricular.
- Realizar, capturar ou modificar debuxos cos adecuados instrumentos informáticos, facer traslacións, simetrías, xiros...

15. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares faranse sempre tendo en conta o “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021”. Por tanto, se as circunstancias o permiten, as actividades serán as seguintes:

- Con motivo da celebración da Semana da Ciencia en Galicia e para conmemorar no propio centro o día das matemáticas temos intención de organizar algunha actividade, como por exemplo, un concurso de fotografía matemática.
- Á marxe destas, deixamos aberta a posibilidade de participar nalgunha actividade ou visita a algún centro ou museo que poda resultar interesante dende o punto de vista matemático e dos cales o departamento teña noticia ó longo do curso a través dos medios ou por chegar información ó noso centro referente a elas.
- Así mesmo, se se nos require, prestaremos a nosa colaboración naquelas outras actividades desenvolvidas por outros departamentos didácticos, ou mesmo polo propio centro como posibles saídas o entorno .

16. Datos do departamento

Materia	Curso	Profesor/a
Matemáticas	1º E.S.O.	Cristina Blanco Diaz.
	2º E.S.O.	Sandra Moar Costoya.
Matemáticas	2º E.S.O.-Agrupamento	María Vicenta Sieira Rivas (departamento de Física e Química).
Matemáticas Académicas	3º E.S.O.	María Concepción Cabanas Oubiña
Matemáticas Aplicadas	3º E.S.O.	Sandra Moar Costoya.
Matemáticas Académicas	4º E.S.O.	María Concepción Cabanas Oubiña.
Matemáticas Aplicadas	4º E.S.O.	Cristina Blanco Díaz.